

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 3 DE AGOSTO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 3 de agosto de 2015.

HORA DE COMEZO: 20:45 h.

HORA DE REMATE: 21:30 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 27 DE XULLO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 27 de xullo de 2015.

OBRAS E SERVIZOS

**2º.- SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS PARA AUTORIZACIÓNS DE
OCUPACIÓN EN VÍA PÚBLICA**

**2.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DE
CANGAS (SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS)**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, ao ter emendado os/as solicitantes as deficiencias requiridas por esta mesma Xunta de Goberno en sesión do día 6.7.15, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR D. N. P. (CAFETERÍA "EL PASEO") para a ocupación de 40,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 23-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M. LL. R., en representación de "CONSERVAS ARTEMAR, S.L." (BAR "CONSERVAS ARTEMAR"), para a ocupación de 28,00 m²., con mesas e cadeiras ao lado da fachada do local sito en Praza do Eirado do Señal, nº 4-Cangas, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro do ano que andamos, debendo deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR F. A., ("LA VIE EN ROSE") para a ocupación de 36,84 m²., con mesas e cadeiras na Avda. Eugenio Sequeiros e 8 m²., en Rúa Retrama, diante do seu local, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, condicionado a respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas lindeiros.

Así mesmo denégase a solicitude presentada para a Rúa Nova, ao non cumprir a Ordenanza Municipal o ancho da rúa que é inferior a 3,10 m.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR D. A. M. (TAPERÍA "O PELAO") para a ocupación de 4,00 m²., con dous barrís á beira do local sito en Rúa Sol, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, condicionado a respectar o paso de peóns e vehículos, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas lindeiros.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR V. E. I. G. ("MARTINNUS" TAPERÍA), para a ocupación de 20,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. Vincenti, nº 6-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, á beira do local sito no referido lugar, debendo instalar soamente unha soa fileira de mesas, e condicionado a respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas lindeiros.

Así mesmo, deberá proceder á entrega, na Secretaría do concello, da documentación do ORAL ao nome do titular da licenza de apertura do local.

6.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. O. F. (BAR "ESCORADO") para a ocupación de 12,00 m²., con mesas e cadeiras enfronte do local sito na Avda. Ozámiz, nº 15-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

7.- SOLICITUDE PRESENTADA POR C. L. G. D. (CAFETERÍA "BULE BULE") para a ocupación de 16,00 m²., con mesas e cadeiras ao lado do local sito en Aldea

de Arriba, nº 8-Coiro, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

8.- SOLICITUDE PRESENTADA POR A. D. M. C. (BAR "ALIÑO"), para a ocupación de 24,00 m²., con mesas e cadeiras en Travesía San Francisco, nº 6-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, ao lado do local sito no referido lugar, debendo instalar soamente unha soa fileira de mesas, e condicionado a respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas lindeiros.

9.- SOLICITUDE PRESENTADA POR G. L. A. B. (CAFETERÍA "CANGAÇEIRO"), para a ocupación de 16,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. Castelao, nº 13-Cangas, á beira do establecemento, durante o período que vai do 1 de xaneiro ao 31 de outubro do ano que andamos e, así mesmo, a ocupación de 24,00 m²., enfronte do local sito no referido lugar, desde o 1 de xuño ata o 31 de outubro do ano que andamos, debendo respectar o paso de peóns.

10.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M. P. N., (CAFE BAR "LICENCIA 45"), para a ocupación de 8,00 m²., con mesas e cadeiras pegadas á fachada do seu local en Rúa Montero Ríos nº 11-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, condicionado a respectar o paso de peóns, así como, deixar libres as entradas de acceso ás vivendas e comercios lindeiros.

11.- SOLICITUDE PRESENTADA POR A. G. M. (RESTAURANTE "TIA BRÍGIDA"), en representación da sociedade "TÍA BRÍGIDA, S.L.", para a ocupación de 12,60 m²., con mesas e cadeiras á beira do local en Rúa do Arco-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos, condicionado a respectar o paso de peóns, así como, a deixar libres as entradas de acceso ás vivendas lindeiros.

12.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. M. M. G., (BAR "EL PADRINO"), en representación da sociedade "ÁMBAR, IMÁN Y XOSÉ, S.L.U.", para a ocupación de 32,00 m²., con mesas e cadeiras na fachada posterior do seu local na Praza das Pontes-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

CONDICIÓN

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostalería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2015, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostalería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de revogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasoles, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante ancoraxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasoles unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais lindeiros, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

2.B) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DE CANGAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. M. C. (BAR "ALAMEDA") para a ocupación de 30,85 m²., con mesas e cadeiras enfronte do local sito na Praza do Arco-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR "TACER, C.B.", (CAFETERÍA "LOMBOK") para a ocupación de 16,00 m²., en Rúa Baiona, nº 13-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos. A presente autorización condiciónase a respectar o horario de peche do establecemento, de conformidade co informe emitido o día 22.6.15 pola Policía Local.

CONDICIÓNS

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostalería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2015, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostalería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de revogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasoles, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante ancoraxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasoles unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais lindeiros, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

2.C) SOLICITUDES DE OCUPACIÓN EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DE CANGAS (CARTEIS E OUTROS)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública, que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada de ocupación de vía pública, que lle liquide no departamento de Xestión de Ingresos, de conformidade cos artigos 2.5 e 2.9 da Ordenanza fiscal reguladora nº 21 da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública (BOP Nº 248 do 30 de decembro de 2013).

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR B. A. C., en representación de "HOSTELERÍA VIZZIO, S.L." (HAMBURGUESERÍA "VIZZIO") para a instalación de cartel na Avda. de Marín, nº 13-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR A. C. M. ("GOLUTS"), para a ocupación de vía pública con expositores e outros enfronte do local sito na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 26-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, acorda requirir ao Sr. C. M., para que adopte medidas xa que non pode colocar artigos de venda polo chan.

CONDICIÓN

A) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

B) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

C) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

D) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

D) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

E) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2015, agás o indicado no acordo.

F) A autorización de instalación outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostalería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

G) As licenzas para a ocupación de vía pública só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

H) As causas de revogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas na Ordenanza fiscal reguladora nº 21 da taxa por utilización privativa ou

aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública (BOP Nº 248 do 30 de decembro de 2013).

I) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

J) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

K) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora Nº 21 da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública (BOP núm. 248 do 30 de decembro de 2013).

2.D) SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS PARA A OBTENCIÓN DE LICENZA DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS

Visto que ao día de hoxe hai establecementos hostaleiros que non achegaron a totalidade da documentación que se esixe no artigo 4 da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas na vía pública do Concello de Cangas, para obter a correspondente licenza de ocupación da vía pública con mesas e cadeiras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda outorgar un prazo improrrogable de DEZ DÍAS, do cal se fará o correspondente control no departamento de Xestión de Ingresos, para a entrega da documentación requirida seguinte **(en caso contrario procederase ao levantamento da ocupación de vía pública por non ter obtido a correspondente autorización municipal):**

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR L. R. (BAR "JOYDONNER KEBAP") para a ocupación de 8,00 m2., con mesas e cadeiras na Avda. de Marín, nº 7-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos. (FALTA INFORME DO ORAL-2015, LICENZA DE APERTURA E DISEÑO DE OCUPACIÓN).

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 29 DE XULLO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

Este punto da orde do día non se trata por non haber informe-proposta de resolución.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

Este punto da orde do día non se trata por non haber informe de declaracións previas.

FACENDA

5º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

5.A) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA

Dáse conta de sentenza nº 194/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 2 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 31/2015, promovido por R. C. M.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 194/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 2 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 31/2015, promovido por R. C. M.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE XANTAR NA CASA

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 29.7.15, relativa ás altas e baixas do Servizo de Xantar na Casa, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

D. Estanislao Graña García xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra),

Con relación no Servizo de Xantar na Casa e examinado informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Baixa no servizo a Mª C. G. G., con expediente nº 35919291. "*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

7º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS S/APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA) E EDUCACIÓN PRIMARIA DO CEIP CANGAS, CEIP DO HÍO, CEIP DE ESPIÑEIRA E CEIP DA RÚA DO CONCELLO DE CANGAS, CURSO 2015/2016

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa.

MOBILIDADE E TRANSPORTE

8º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

8.A.1) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
E. M. R.	Avda. de Ourense, nº 93-Coiro. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 370, concedido en X.G.L. do día 1.8.07 ao interesado. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

8.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DESAPARICIÓN

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por desaparición, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
M. M. S. C.	<p>Rúa Real, nº 46-Cangas.</p> <p>Autorízase a renovación de sinal de pasaxe permanente nº 127, placa concedida a L. Eugenio S. S. Así mesmo, autorízase o cambio de titular do sinal que figura a nome de L. E. S. S., por falecemento, a favor de M. M. S. C.</p> <p>Polo departamento de Tesourería, procederase a indicar ó departamento de Xestión de Ingresos do nº de placa de sinal concedido no seu día, para dar de baixa o referido número, así como, pola Inspección de Taxas, levar a vixilancia de onde puidera estar instalado, para proceder no seu caso á apertura do correspondente expediente de infracción.</p>

8.B) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN VERTICAL NA SUBIDA A CIMA DE VILA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar os seguintes pedimentos:

1.- A R. B. M., para sinalización vertical en subida a Cima de Vila para A Serra de Nacente, na que se prohiba estacionar nun dos lados da vía pública, de conformidade co informe emitido pola Policía Local o 21.7.15.

8.C) SOLICITUDE DE ESPELLO EN CAMIÑO VELLO DE RODEIRA

Examinada a solicitude presentada o día 20.7.15 por S. A. G., administrador da CC.PP. "Primavera", sita en Camiño Vello de Rodeira, nº 3-Coiro, na que reclama a instalación dun espello para facilitar a saída de vehículos do garaxe do edificio.

Dáse conta, así mesmo, o informe emitido o día 24.4.15 pola Policía Local, que indica o seguinte:

"Nº REX.: 1122/15

ASUNTO: PEDIMENTO DE ESPELLO NO CAMIÑO VELLO, 3-RODEIRA

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por S. A. G., en representación da CCPP 'Primavera', no que solicita a instalación dun espello para a saída do garaxe do edificio sito no Camiño Vello, nº 3 (Rodeira), informa:

- Existe sinalización horizontal enfronte da entrada do garaxe que prohibe o estacionamento para facilitar a manobra de entrada e saída.

- Que se trata da saída dunha propiedade privada e polo tanto dun interese particular e por non tratarse dunha intersección de uso común ou de interese público xeral para o resto de condutores, esta policía considera que non se debería instalar espellos públicos nestas circunstancias.

Non existe inconveniente en que se autorice custeando os gastos de compra e colocación pola conta do interesado."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobado integramente o informe transcrito pola Policía Local.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e ao departamento da Policía Local.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA S/NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONSELLO DE REDE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

De conformidade coa proposta realizada pola Concellería de Cultura e Normalización Lingüística, referente a nomeamento dos seguintes representantes municipais no Consello de Rede de Normalización Lingüística:

* D. ANDRÉS GARCÍA BASTÓN

* D. HÉITOR MERA HERBELLO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Nomear representantes do Consello de Rede de Normalización Lingüística aos concelleiros da corporación municipal a:

* D. ANDRÉS GARCÍA BASTÓN

* D. HÉITOR MERA HERBELLO

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo na vindeira sesión que se realice do Concello Pleno.

B) APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS, ECONÓMICAS E TÉCNICAS QUE REXERÁN A LICITACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DAS AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN TEMPORAL DAS PARCELAS DESTINADAS Á INSTALACIÓN DE DIFERENTES ATRACCIÓN, CASETAS E POSTOS DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO CONCELLO DE CANGAS "FESTAS DO CRISTO-2015"

Dáse conta do prego de condicións administrativas, económicas e técnicas que rexerán a licitación, mediante procedemento aberto, das autorizacións de ocupación temporal das parcelas destinadas á instalación de diferentes atraccións, casetas e postos durante as Festas Patronais do Concello de Cangas "FESTAS DO CRISTO 2015", que é como segue:

"PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS, ECONÓMICAS E TÉCNICAS QUE REXERÁN A LICITACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DAS AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN TEMPORAL DAS PARCELAS DESTINADAS Á INSTALACIÓN DE DIFERENTES ATRACCIÓN, CASETAS E POSTOS DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO CONCELLO DE CANGAS 'FESTAS DO CRISTO 2015'

ÍNDICE

I.- DISPOSICIÓN XERAIS

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO

CLÁUSULA 2ª.- RÉXIME XURÍDICO

CLÁUSULA 3ª.- TIPO DE LICITACIÓN E CANON DE ADXUDICACIÓN

CLÁUSULA 4ª.- LÍMITE DE AUTORIZACIÓN CONCEDIDAS A UN MESMO TITULAR

CLÁUSULA 5ª.- CAPACIDADE PARA SER ADXUDICATARIO DUNHA AUTORIZACIÓN DEMANIAL

CLÁUSULA 6ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE

II.- PROCEDIMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓN

CLÁUSULA 7ª.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN

CLÁUSULA 8ª.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

CLÁUSULA 9ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

CLÁUSULA 10ª.- MESA DE CONTRATACIÓN

CLÁUSULA 11ª.- OUTORGAMENTO DAS AUTORIZACIÓN

11.1.- Apertura de proposicións, cualificación da documentación e proposta de adxudicación

11.2.- Outorgamento da autorización

III.- RÉXIME DAS AUTORIZACIÓN

CLÁUSULA 12ª.- DURACIÓN DA AUTORIZACIÓN

CLÁUSULA 13ª.- TRANSMISIÓN DAS AUTORIZACIÓN

CLÁUSULA 14ª.- SUBMINISTROS

CLÁUSULA 15ª.- HORARIOS E NIVEIS DE RUÍDO E DECIBELIOS

CLÁUSULA 16ª.- LIMPEZA DO RECINTO FEIRAL
CLÁUSULA 17ª.- INSTALACIÓN DE CARAVANAS , CAMIÓNS E VIVENDAS
CLÁUSULA 18ª.- POTESTADES E FACULTADES DO CONCELLO
CLÁUSULA 19ª.- DEREITOS DOS AUTORIZADOS
CLÁUSULA 20ª.- OBRIGAS DOS AUTORIZADOS

IV.- RÉXIME SANCIONADOR

CLÁUSULA 21ª.- INCUMPRIMENTOS
CLÁUSULA 22ª.- SANCIÓN
CLÁUSULA 23ª.- IMPOSICIÓN DE SANCIÓN
CLÁUSULA 24ª.- EXTINCIÓN DAS AUTORIZACIÓN
CLÁUSULA 25ª.- XURISDICIÓN COMPETENTE

V.- ANEXOS

ANEXO I.- Cadro resumo do procedemento
ANEXO II.- Modelo de declaración responsable
ANEXO III.- Modelo de proposición económica

I.- DISPOSICIÓN XERAIS

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO

O presente prego ten por obxecto regular o procedemento de adxudicación e o contido da autorización demanial para o uso privativo do solo público destinado á instalación de atraccións de feira durante as festas patronais do Concello de Cangas do ano 2015 , "Festas do Cristo 2015".

As parcelas ou espazo público poderán ser ocupadas con atraccións de feira para adultos, para cativos, casetas e tómbolas e establecementos de hostalaría e venda de doces ou similares. Esta enumeración faise a título exemplificativo que non supón a exclusión doutro tipo de atracción que sexa acorde coa finalidade desta licitación.

CLÁUSULA 2ª.- RÉXIME XURÍDICO

Os espazos obxecto de licitación forman parte da vía pública como ben de dominio público afecto ao servizo público. A súa ocupación supón un uso común especial dun ben demanial que precisa do oportuno título habilitante e polo tanto está suxeito a licenza ou autorización segundo o disposto no artigo 92 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas e no artigo 77 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais. O citado artigo dispón que as licencias ou autorizacións outorgaranse directamente salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, como é o caso que nos ocupa, en cuxo caso outorgaranse mediante licitación.

Polo tanto, é preciso regular o procedemento de outorgamento das autorizacións garantindo os principios de liberdade de acceso ás licitacións, e publicidade e transparencia nos procedementos de licitacións.

Estas autorizacións teñen natureza administrativa e outorgaranse en todo caso salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. En todo caso, os espazos ocupados polos postos seguirán sendo de titularidade municipal.

No non previsto neste prego, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.*
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas*
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais.*
- Decreto de 17 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.*
- Demais normativa que resulte de aplicación.*

O descoñecemento do contido da autorización en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte da mesma, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista do seu cumprimento.

CLÁUSULA 3ª.- TIPO DE LICITACIÓN E CANON DE ADXUDICACIÓN

Os titulares das autorizacións concedidas para a ocupación do terreo público estarán obrigados a satisfacer un canon que se establece como criterio de adxudicación en contraprestación polo beneficio obtido coa explotación dos negocios nas parcelas de dominio público e os servizos proporcionados polo propio Concello.

3.1.- TIPO DE LICITACIÓN:

O tipo de licitación (canon) é mellorable á alza, sendo rexeitadas todas aquelas proposicións nas que se ofrezca un prezo inferior ao indicado. Establécese como prezo mínimo de licitación segundo a instalación de que se trate, os seguintes importes:

- Parcela delimitada no aparcadoiro do porto destinada a atracción "Coches de choque".....4.300 €.*
- Parcela delimitada no aparcadoiro do porto destinada a atracción "Karts".....1.300 €.*
- Atracción, caseta ou posto de grandes dimensións superior a 100 m².....2.500 €.*

- *Atracción, caseta ou posto de tamaño medio de entre 50 e 100 m².....1.800 €.*
- *Atracción, caseta ou posto de pequeno tamaño inferior a 50 m².....1.100 €.*
- *Caseta ou posto tipo tiro, tómbola, churrería, bar, venda de doces ou similar.....90 €/ml.*
- *Rosquilleiras e postos de artesanía, roupa, etc situados na Alameda Nova.....70 €/ml.*

NOTA: para o cómputo dos m²., e ml., a ocupar deberán computarse tanto os metros da propia atracción, caseta ou posto, como o espazo ocupado por elementos anexos (caseta venda de tickets/fichas, mesas, cadeiras, etc).

**O establecemento dun prezo específico para as dúas parcelas situadas no aparcadoiro do porto sen atender ós metros cadrados a ocupar, ven xustificada nas especiais condicións dese concreto espazo e da propia atracción a instalar nel.*

3.2.- CANON:

O canon que cada un dos adxudicatarios haberá de satisfacer a este Concello polo outorgamento da autorización, será o que cada un deles fixara na súa proposición económica, igual ou superior ao tipo de licitación, e será pagadoiro por unha soa vez nos 5 días naturais posteriores á comunicación da resolución pola que se acorda a concesión da autorización, e en todo caso sempre antes da ocupación da parcela.

CLÁUSULA 4ª.- LÍMITE DE AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS A UN MESMO TITULAR

Cada persoa física ou xurídica poderá solicitar autorización para a ocupación de unha ou varias parcelas sempre e cando as atraccións ou casetas instaladas sexan explotadas polo mesmo adxudicatario ou empregados do mesmo, quedando expresamente prohibida a cesión ou subarrendo da parcela adxudicada.

CLÁUSULA 5ª.- CAPACIDADE PARA SER ADXUDICATARIO DUNHA AUTORIZACIÓN DEMANIAL

Poderán concorrer a esta licitación por si ou por medio de representantes autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e cuxa finalidade ou actividade teña relación directa coa finalidade para a que se conceden as autorizacións, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que ademais non se atopen incursas en prohibición de contratar coa Administración.

CLÁUSULA 6ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE

6.1.- Este prego xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Cangas (oficina de Apoio Xurídico), ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

6.2.- Esta licitación publicarase no Perfil do Contratante. O acceso público efectuarase a través do portal da Web do Concello de Cangas (www.cangas.org). No Perfil do Contratante do órgano de contratación, publicarase este prego así como o acordo polo que se outorguen as autorizacións e calquera outro dato e información que resulte de interese e utilidade.

II.- PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

CLÁUSULA 7ª.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación destas autorizacións tramitarase mediante procedemento aberto garantindo a libre concorrencia e publicidade, e adxudicarase ás ofertas economicamente máis vantaxosas.

CLÁUSULA 8ª.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

8.1.- PRAZO: O prazo para que os licitadores acheguen ás súas ofertas será de 5 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no PERFIL DO CONTRATANTE do CONCELLO DE CANGAS.

8.2.- LUGAR: as proposicións dos licitadores unicamente poderán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello sito na Avda. Castelao n.º 2 de Cangas, en horario de luns a venres de 9:30 a 13:30 e sábados de 10:00 a 13:00.

As proposicións presentaranse unicamente no lugar indicado no parágrafo anterior, sen que sexa válida a presentación noutros rexistros ou dependencias municipais, ou de outras Administracións Públicas, e tampouco por correo postal, electrónico nin fax.

8.3.- FORMA DE PRESENTACIÓN: As propostas dos licitadores presentaranse nun sobre pechado no que se fará constar a seguinte denominación: "SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA LICITACIÓN DE AUTORIZACIÓN DEMANIAL PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS, CASETAS OU POSTOS DE FEIRA DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO CONCELLO DE CANGAS, FESTAS DO CRISTO 2015".

No exterior do sobre deberán constar os seguintes datos:

- Denominación do contrato: «Oferta para participar na licitación de autorizacións de ocupación temporal das parcelas destinadas á instalación de*

diferentes atraccións e casetas durante as Festas do Cristo 2015 do Concello de Cangas».

- Nome e apelidos do licitador, ou no seu caso, denominación social e nome e apelidos do representante que presenta a oferta.*
- CIF da entidade e/ou DNI da persoa que achega a oferta.*
- Enderezo postal, teléfono, fax e correo electrónico aos efectos de notificacións.*

8.4.- DOCUMENTACIÓN:

Cada licitador deberá incluír no sobre a seguinte documentación:

- Declaración responsable subscrita pola persoa que firme a proposición, de acordo co modelo que consta como Anexo II deste prego.*
- Copia compulsada do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso (ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros), da persoa que asine a oferta.*
- Oferta económica conforme ao modelo que consta no Anexo III deste prego.*
- Neste o licitador deberá incluír ademais a documentación relativa ou descritiva dá/s atracción/s, posto/s, ou caseta/s, etc que pretenda instalar no espazo de dominio público, indicando nome da atracción ou caseta, actividade que vai desenvolver nela, m², etc.*

**Cada licitador poderá optar a máis de unha parcela, debendo achegar un só sobre cun único Anexo I (declaración responsable) e tantos Anexos II como parcelas ás que opte (oferta económica).*

CLÁUSULA 9ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a adxudicación da autorización teranse en conta os seguintes criterios:

- Canon ofertado.....Ata 100 puntos.
Outorgarase 100 puntos ás proposicións que oferten un maior canon segundo ó tipo de parcela ó que opte e o prezo de saída das mesmas, repartindo a puntuación entre os demais licitadores mediante unha regra de tres simple directa. En caso de empate entre varias ofertas e sempre que as solicitudes excedan das autorizacións a adxudicar, procederase a realizar un sorteo.*

CLÁUSULA 10ª.- MESA DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será a competente para a cualificación da documentación achegada e valoración das ofertas; e estará composta por:

Presidente: Alcalde

*Vocais: Secretaría Xeral ou funcionario/a en que delegue.
 Interventora Municipal ou funcionario/a en quen delegue.
 Concelleira de Participación Veciñal, Transparencia e
Asociacionismo
 Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística
 Concelleiro de Mocidade e Voluntariado*

Secretaria: Técnico de Administración Xeral do Dpto. de Apoio Xurídico a Secretaría.

A mesa de contratación, previa convocatoria procederá en acto público, á apertura das proposicións elevando a acta con proposta de adxudicación ao órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación ou outorgamento da autorización demanial.

CLÁUSULA 11ª.- OUTORGAMENTO DAS AUTORIZACIÓNS

11.1.- Apertura de proposicións, cualificación da documentación e proposta de adxudicación:

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá en acto público, á apertura das ofertas achegadas polos licitadores no día e hora que será anunciado previamente no perfil do contratante. A mesa de contratación verificará que as solicitudes presentadas reúnen os requisitos para participar neste procedemento e que os solicitantes achegaron toda a documentación conforme a este prego. En caso de observarse defectos ou omisións emendables na documentación achegada, ou detectarse a necesidade de requirir documentación complementaria, comunicarse ós interesados para que no prazo de 2 días naturais procedan á súa emenda ou achega. Estes requirimentos efectuaranse telefonicamente, mediante fax ou correo electrónico sen prexuízo do correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello de Cangas.

Cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións, a mesa de contratación procederá a declarar as solicitudes admitidas e as rexeitadas indicando as causas de tal rexeitamento. En todo caso, non serán admitidas as solicitudes que presenten defectos insubsanables ou de quen non reúnan os requisitos, a capacidade para participar neste procedemento ou non respecten as condicións fixadas neste prego. Serán rexeitadas de xeito motivado todas aquelas ofertas que se aparten substancialmente do modelo proposto, non garden concordancia coa documentación requirida, comporten erro manifesto, oferten un canon inferior ó

tipo establecido na cláusula 3.1, ou contradigan as esixencias esenciais dos pregos ou incorran en falsidade, inexactitude e ocultación de datos.

Posteriormente, procederase a valorar as ofertas formuladas de conformidade co criterio de adxudicación (maior canon ofertado) e formularase proposta de adxudicación de cada un dos postos ós ofertantes que formulen as mellores ofertas económicas.

11.2.- Outorgamento da autorización:

Recibida a proposta de adxudicación, procederase ó outorgamento das autorizacións mediante Decreto da Alcaldía que conterá tódolos pronunciamentos precisos relativos ás mesmas, indicando os datos dos beneficiarios, DNI ou NIF, postos que resultan adxudicados, identificación da atracción a instalar ou destino do posto ou caseta, canon que corresponde pagar a cada beneficiario, metros cadrados a ocupar e as actividades ás que se poden destinar os postos.

Este Decreto será notificado ós adxudicatarios requiríndoos para que, dentro do prazo de 3 días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o notificación, presenten a seguinte documentación:

- *Xustificante do depósito do canon ofertado na Tesourería municipal.*
- *Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais e autonómica) e coa Seguridade Social.*
- *Copia de contrato ou póliza do seguro de responsabilidade civil e do último recibo do ano en curso.*
- *No caso de atraccións de feira que inclúan instalacións hidráulicas, pneumáticas, electromagnéticas, electrónicas de sinal ou mecánicas, os autorizados deberán achegar os certificados e demais documentación acreditativa da seguridade e homologación emitidos por técnico competente relativos á idoneidade, seguridade, solidez e bo estado das atraccións e instalacións, estabilidade do conxunto, firmeza de apoios e bo estado dos elementos de fixación. Nos casos en que conforme a lexislación vixente sexa esixible, deberase achegar necesariamente os seguintes documentos:*
 - o Certificado expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma ou Ministerio de Industria, acreditativo de que os mecanismos que se van a instalar compren todas as especificacións legais requiridas e que o seu uso non ofrece perigo para os usuarios.*
 - o Certificado da revisión anual do aparato/atración de feira.*

En caso de non achegar a antedita documentación ou que esta non acredite que as atraccións compren co esixido neste prego e coa lexislación vixente, os

autorizados non poderán ocupar os espazos adxudicados ata que a acheguen e no seu caso, garantan a seguridade das persoas e bens ou acrediten o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e o pagamento do canon. En todo caso, se esta documentación non se achega durante os días de que dispoñen para ocupar os espazos e instalar as atraccións ou postos, entenderase que renuncian á autorización producíndose á extinción da mesma, e podendo o Concello adxudicala a outro licitador. O mesmo sucederá, no caso de que unha vez ocupado o espazo autorizado e instalada a atracción, esta non supere a supervisión e control municipal.

III.- RÉXIME DAS AUTORIZACIÓNS

CLÁUSULA 12ª.- DURACIÓN DA AUTORIZACIÓN

As autorizacións outórganse polo prazo previsto de ocupación do dominio publico, podendo proceder á instalación e montaxe das atraccións e demais casetas de feira dende o venres 21 de agosto as 15:00 horas. O prazo máximo de retirada das instalacións será o luns 7 de setembro.

O comezo "oficial" das Festas do Cristo 2015 será o xoves 27 de agosto e o remate o sábado 5 de setembro. Non obstante as atraccións poderán funcionar o domingo 6 de setembro considerando este día como "Día especial do neno" debendo os feirantes facer unha rebaixa nos prezos de acceso ás atraccións.

CLÁUSULA 13ª.- TRANSMISIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

As autorizacións outorgaranse a título individual ós licitadores atendendo á mellor oferta achegada e ós cumprimentos dos requisitos esixidos neste prego polo que queda expresamente prohibida a súa cesión, transmisión ou arrendo das mesmas.

CLÁUSULA 14ª.- SUMINISTRACIÓNS

As subministracións de auga e de enerxía eléctrica correrán por conta dos titulares dos postos adxudicados. Os feirantes adxudicatarios deberán acreditar documentalmente a contratación da enerxía eléctrica necesaria para o funcionamento dos aparatos de feira e demais suministros que sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade.

CLÁUSULA 15ª.- HORARIOS E NIVEIS DE RUIDO E DECIBELIOS

Como norma xeral, os máximos de emisión sonora validados a 2 metros de distancia do contorno das distintas atraccións e postos, quedará suxeito ós seguintes valores límite en función do tramo horario:

Valores límite de emisión sonora referenciados ó parámetro LAeq, 5s

<i>Tipo de xornada</i>	<i>Día non lectivo</i>	<i>Día lectivo</i>
<i>Tramo horario limitado</i>	<i>0:00-10:00</i>	<i>0:00-18:00</i>

Límite para música ambiente 70 dB-A
Límite para mensaxes (sirenas, micrófonos, etc) 70 dB-A
No resto dos tramos horarios os límites aumentaranse 10 dB-A

Todos os negocios e atraccións con altofalantes e bafles orientarán estes sen excepción cara o interior dos seus negocios, controlando que non invadan co seu son os negocios lindeiro.

As atraccións e postos que se instalen na contorna do recinto feiral das Naves de Ojea, deberán permanecer en silencio durante a celebración dos concertos ou actuacións que se celebren no citado recinto.

CLÁUSULA 16ª.- LIMPEZA DO RECINTO FEIRAL

Todos os adxudicatarios deberán manter en perfectas condicións de hixiene e ornato as súas respectivas casteas e atraccións. Os desperdicios e lixo serán depositados diariamente, mediante bolsas regulamentarias no que atinxe a residuos orgánicos, nos contedores instalados ó efecto. Así mesmo, cada negocio depositará calquera outro tipo de residuos (embalaxes, cartóns...) fronte os seus negocios á finalización de cada xornada de actividade, en orde a facilitar a labor do servizo municipal de limpeza.

CLÁUSULA 17ª.- INSTALACIÓN DE CARAVANAS , CAMIÓN S E VIVENDAS MÓVILES

Os adxudicatarios das autorizacións deberán utilizar como zona para a instalación de caravanas ou vivendas o espazo designado ó efecto polo Concello de Cangas, previsiblemente no campo de fútbol de Massó. Poderán dispoñer do mesmo dende o venres 21 de agosto ás 8.00 ata o luns 7 de setembro ás 20:00 horas. Todos aqueles que incumpran as datas sinaladas serán sancionados cun importe de 100 € por día e vehículo, remolque, caravana ou similar depositado. En canto ós tráilers ou camións de gran tamaño serán aparcados na explanada da rotonda da Rúa.

Os adxudicatarios deberán achegar as matriculas das caravanas ou camións e demais vehículos na súa solicitude. No caso de que non se declare algún dos vehículos, a Policía Municipal procederá á súa retirada sendo a cargo do propietario os gastos de grúa e depósito. Os usuarios deste espazo estarán obrigados a mantelo en perfectas condicións, depositando o lixo nos colectores que se instalarán ó efecto. Así mesmo quedan obrigados a manter o recinto onde se van a situar en perfectas condicións de hixiene, salubridade e ornato respectando en todo momento a vida cotiá de tódolos feirantes que se instalen no citado recinto.

CLÁUSULA 18ª.- POTESTADES E FACULTADES DO CONCELLO

O Concello de Cangas ostenta as seguintes potestades e prerrogativas:

a) *Interpretar e resolver as dúbidas que ofrezca o cumprimento das autorizacións.*

b) *Supervisar e controlar a ocupación e instalación dos postos podendo non admitir determinados elementos e instalacións cando así o esixa o correcto desenvolvemento das festas. A instalación e ocupación dos postos efectuarase con pleno control municipal a efectos de garantir o dereito ó descanso dos cidadáns, o goce ordenado dos cidadáns das festas, a seguridade e saúde dos cidadáns, o cumprimento da normativa de convivencia e da de espectáculos públicos e actividades recreativas. Durante a supervisión e control da ocupación dos postos, o Concello de Cangas poderá ditar ordes verbais a través da Policía Municipal ou empregados públicos que autorice o Concello, que serán de obrigado cumprimento.*

c) *Ditar instrucións para o correcto uso e distribución dos postos para garantir o correcto desenvolvemento das festas.*

d) *Supervisar e controlar a montaxe das atraccións de feira a fin de garantir a seguridade dos bens e das persoas. O Concello poderá, a través dos seu persoal o mediante unha empresa contratada, proceder a:*

a. *Inspección xeral de todos os equipamentos e compoñentes que son obxecto de montaxe e desmontaxe en cada instalación (solidez de apoios sobre o terreo, ensamblaxe e elementos de unión, montaxe de instalacións eléctricas, circuitos hidráulicos, pneumáticos, etc).*

b. *Inspección xeral do estado de conservación dos compoñentes accesibles para a inspección visual.*

c. *Revisión do correcto funcionamento e montaxe dos dispositivos e medidas de protección de riscos para as persoas (varandas, protección de elementos cortantes, limitacións de acceso ó público, sistemas de bloqueo en unidades de pasaxeiros, etc.).*

d. *Probas de funcionamento unha vez concluída a montaxe das atraccións (posta en funcionamento, parada, dispositivos de emerxencia, sistemas de mando e control...).*

**As facultades de inspección descritas son unha facultade ou potestade do Concello que non exime ós autorizados da súa obriga de manter en perfecto estado de funcionamento as súas atraccións independentemente dos controis que poida facer o Concello. Estas facultades de inspección poderanse exercer ser previo aviso.*

e) *Modificar as autorizacións outorgadas por razón de interese público.*

f) *Suspender o funcionamento de calquera instalación, incluíndo o peche destas e calquera outra medida que sexa necesaria e adecuada para garantir a seguridade e integridade dos bens e das persoas.*

g) *Acordar e executar por si o lanzamento dos autorizados se non abandonan e deixan libres e vacuos os terreos obxectos de ocupación cando as autorizacións se extingan polo prazo para o que foron outorgadas ou por calquera outra causa, como por exemplo non cumprir a s normas de hixiene e convivencia tanto no recinto feiral como no recinto onde pernoctará e farán a súa vida diaria os feirantes.*

h) *Designar un ou varios responsables encargados de supervisar o correcto desenvolvemento das actividades para o que se outorgan as autorizacións, podendo ditar as instrucións necesarias, verbalmente ou por escrito, que en todo caso serán inmediatamente executivas.*

CLÁUSULA 19ª.- DEREIOS DOS AUTORIZADOS

Os autorizados terán os seguintes dereitos:

a) *Ocupar os terreos obxecto das autorizacións coas instalacións correspondentes durante o prazo de vixencia das autorizacións (dende o venres 21 de agosto ás 15:00 ata as 20:00 do luns 7 de setembro).*

b) *A ser mantidos pacificamente no uso dos terreos nos termos previstos no presente prego.*

c) *Distribución dos postos e instalacións nos terreos obxecto das autorizacións seguindo as instrucións do Concello de Cangas e as previsións contidas neste prego.*

d) *A que se lle proporcione o espazo idóneo para a instalación de caravanas, vivendas móbiles onde desenvolver a súa vida diaria durante o tempo da autorización, e aparcadoiro para os tráiler e demais camións de grandes dimensións.*

CLÁUSULA 20ª.- OBRIGAS DOS AUTORIZADOS

Os autorizados terán as seguintes obrigas:

a) *Destinar os bens de dominio público obxecto das autorizacións ás finalidades para as que foron outorgadas.*

b) *Que a ocupación nos postos autorizados se efectúe dentro do perímetro autorizado debendo realizarse con instalacións que cumpran o disposto neste prego e na normativa de aplicación.*

- c) *Desenvolver as actividades dos postos e atraccións durante todos os días de duración das autorizacións. Unicamente poderá non prestarse a actividade por causas debidamente xustificadas non imputables ós autorizados.*
- d) *Ter a disposición das autoridades municipais ou competentes, o documento xustificativo do seu dereito (Decreto ou acordo de outorgamento da autorización).*
- e) *Expoñer publicamente de forma visible os prezos de venda ó público ou dos servizos que desenvolvan.*
- f) *Estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- g) *Satisfacer os canons establecidos neste prego nos prazos sinalados para elo.*
- h) *Poñer a disposición dos usuarios as correspondentes follas de reclamacións oficiais de conformidade coa normativa vixente.*
- i) *Admitir a todo usuario no goce dos servizos pagando o correspondente prezo, en condicións de igualdade sen discriminación de ningún tipo.*
- j) *Dispoñer de cantas licenzas, autorizacións ou permisos sexan necesarios para o desenvolvemento da actividade.*
- k) *Manter en todo momento un comportamento adecuado e de respecto a todos os usuarios.*
- l) *Facilitar as inspeccións por parte do persoal municipal ou empresa contratada e achegar a documentación que lle sexa requirida en calquera momento.*
- m) *Asumir a responsabilidade derivada da ocupación dos bens obxecto da autorización e abonar ou indemnizar polos danos ocasionados en bens ou ás persoas con motivo da ocupación ou do desenvolvemento da actividade. Neste senso, o Concello de Cangas queda totalmente exonerado de todo tipo de responsabilidade directa ou subsidiaria, como consecuencia das actividades desenvolvidas nos terreos obxecto das autorizacións. Os autorizados deberán ter subscrito o correspondente seguro de responsabilidade civil.*
- n) *A cumprir en todo momento coa normativa de seguridade vixente así como as instrucións emitidas por Protección Civil ou Policía Local, incluíndo os elementos básicos de seguridade como extintores, etc.*
- o) *Cumprir coa normativa de seguridade alimentaria e sanitaria no caso das instalacións destinadas á venda de produtos alimentarios.*
- p) *Que durante a montaxe e desmontaxe das instalacións e durante a vixencia das autorizacións non se realicen as seguintes accións ou condutas:*

- a. *Invadir, pisar ou amontoar materiais nas zonas verdes, nin ancorar neles elementos de fixación ou apoios das instalacións ou dos seus elementos accesorios.*
- b. *Estragar, arrincar ou pisar as especies vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar ramas das árbores ou arbustos.*
- c. *Cravar elementos punzantes así como colocar carteis, tomas de auga, instalar abrazadeiras ou calquera elemento de sustentación ou apoio sobre o arboredo existente, así como cravar elementos punzantes nos pavimentos cando estes non sexan de terra.*
- d. *Venda ou sorteo de calquera tipo de animal vivo.*
- e. *Realización de calquera actividade que non encaixe dentro do destino das autorizacións ou que estean prohibidas pola lexislación vixente.*
- g) *Cumprir con cantas outras obrigas resulten deste prego, da normativa municipal e demais disposicións que sexan de aplicación*

IV.- RÉXIME SANCIONADOR

CLÁUSULA 21ª.- INCUMPRIMENTOS

As infraccións que cometan os titulares das autorizacións, clasifícanse en leves, graves e moi graves de acordo coa tipificación seguinte:

A.- INFRACCIÓNS LEVES: Terán a cualificación de infracción leves as seguintes:

- 1. O non funcionamento das instalacións nos postos autorizados durante non máis de 2 días naturais no período de duración das autorizacións sempre que non estea xustificado por unha causa non imputable ós autorizados.*
- 2. A falta de respecto ó público, ou os empregados municipais encargados das inspeccións ou supervisións.*
- 3. Os altercados ou disputas entre o persoal que atenda ás instalacións durante a apertura das mesmas.*
- 4. Arrojar residuos ou lixo nas instalacións ou espazos públicos municipais obxecto das autorizacións ou fóra dos colectores ou lugares destinados a tal fin.*
- 5. Causar danos ás instalacións ou espazos públicos municipais obxecto das autorizacións ou a bens municipais por valor inferior a 1.500 €.*

6. Calquera outra acción ou omisión que infrinxa as obrigas ou deberes recollidos no presente prego ou, de existir, o regulamento municipal aplicable, e non resulte tipificada como infracción grave ou moi grave.

B.- INFRACCIÓN GRAVES: Terán a cualificación de infracción graves as seguintes:

1. *A comisión de dúas ou máis faltas leves durante o período de vixencia das autorizacións.*

2. *O incumprimento das obrigas establecidas na lexislación laboral, de seguridade e saúde, e prevención de riscos laborais, sempre que non estea tipificada como infracción moi grave.*

3. *Os altercados, incorreccións, falta de respecto, ofensas ou a promoción de escándalos coas autoridades, ós empregados municipais, ós axentes da autoridade e ó público en xeral, sempre que non constitúan infraccións moi graves.*

4. *Estragar, arrincar ou pisar as especies vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar ramas das árbores ou arbustos.*

5. *O mal uso do mobiliario urbano, como bancos, papeleiras, fontes, bordos, varandas, etc.*

6. *Cravar elementos punzantes así como colocar carteis, tomas de auga, instalar abrazadeiras ou calquera elemento de sustentación ou apoio sobre o arboredo existente, así como cravar elementos punzantes nos pavimentos cando estes non sexan de terra.*

7. *O incumprimento do deber de mantemento das instalacións, espazos públicos municipais e bens afectos á autorización en perfecto estado de conservación, entendendo que se produce tal incumprimento cando non se inicie a reparación dos danos ocasionados no prazo de 1 día natural desde que se manifesten, cando esta reparación fose de competencia do autorizado segundo o disposto neste prego. De existir orde expresa do Concello, a infracción cualificarase como moi grave.*

8. *O incumprimento do deber de mantemento das instalacións ou dos espazos públicos municipais nas debidas condicións hixiénico sanitarias, cando non exista risco ou transcendencia para a saúde.*

9. *A emisión de niveis sonoros por enriba dos autorizados.*

10. *Causar danos ás instalacións ou espazos públicos municipais obxecto das autorizacións ou a bens municipais por valores de 1.500 € ou superior, e inferior a 3.000 €.*

11. *O non funcionamento das instalacións nos postos autorizados entre 3 e 4 días naturais no período de duración das autorizacións sempre que non estea xustificado por unha causa non imputable ós autorizados.*

C.- INFRACCIÓNS MOI GRAVES: Terán a cualificación de infracción moi graves as seguintes:

1. *A comisión de dúas ou máis faltas leves durante o período de vixencia das autorizacións.*

2. *O incumprimento da obriga de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

3. *A falta de pago do canon polo que lle foi outorgada a autorización.*

4. *O grave incumprimento das obrigas establecidas pola lexislación laboral, de seguridade e saúde e de prevención de riscos laborais.*

5. *Non observar debidamente as indicacións, ordes ou instrucións do Concello no prazo que se sinale.*

6. *Os altercados, incorreccións, falta de respecto, ofensas ou a promoción de escándalos coas autoridades, ós empregados municipais, ós axentes da autoridade e ó público en xeral, cando teñan como resultado, lesións ou danos ou constitúan ofensas graves, de palabra ou de obra, ás autoridades ou empregados municipais, á inspección sanitaria, ou ó público en xeral.*

7. *Dificultar as tarefas de control e supervisión do Concello ou impedir a actuación inspectora municipal.*

8. *A demora na achega de informes ou documentos solicitados polo Concello no prazo establecido polo mesmo.*

9. *A falsidade, inexactitude ou ocultación de datos ou declaracións que teñan carácter esencial.*

10. *Incumprimento da normativa hixiénico sanitaria cando teña transcendencia para a saúde.*

11. *Calquera conduta constitutiva de delito, especialmente as coaccións, roubos ou furtos ós usuarios.*

12. *Non abandonar e deixar libres e vacuos, en perfecto estado de conservación e uso, a disposición do Concello, os terreos obxecto das autorizacións cando esta se extinga.*

13. *Incumprimento das resolucións recaídas como consecuencia dalgunha infracción cometida.*

14. *Ocupación de máis espazo do autorizado.*

15. *Causar danos á instalación ou espazos públicos municipais obxecto das autorizacións ou a bens municipais por valor de 3.000 € ou superior.*

16. *A cesión, transmisión ou gravame das autorizacións ou o seu aluguer parcial ou total*

17. *Non destinar os bens obxecto de autorización ás actividades para as que se solicitou.*

18. *O non funcionamento das instalacións nos postos autorizados durante máis de 4 días naturais no período de duración das autorizacións sempre que non estea xustificado por unha causa non imputable ós autorizados.*

19. *A montaxe dos postos incumprindo o disposto neste prego.*

20. *A non realización das actuacións de conservación ou reparación que sexan ordenadas polo Concello no prazo fixado por este.*

21. *Calquera outra que se estableza no presente prego, ou non estando prevista, no caso de concorrer, o Concello considere que merece a cualificación de moi grave.*

CLÁUSULA 22ª.- SANCIÓN

As infraccións levarán consigo a imposición por parte do Concello de Cangas de sancións de multa de acordo cos seguintes límites:

a) As infraccións leves sancionaranse con multa de entre 50 e 300 €.

b) As infraccións graves sancionaranse con multa de entre 301 e 600 €.

c) As infraccións moi graves sancionaranse con multa de entre 601 e 2000 €.

Para a gradación das sancións atenderase ó dano ou prexuízo causado ó dominio público, ós cidadáns e ó propio Concello de Cangas nos seus bens e intereses, atendendo tamén á intencionalidade, reiteración e importe do dano causado.

Con independencia das sancións que se lle impoñan ós autorizados o Concello poderá esixir sempre o cumprimento das obrigas ós autorizados a través dos medios previstos na normativa administrativa. A comisión de infraccións moi graves pode dar lugar, ademais do pagamento da oportuna multa, á extinción das autorizacións por causa imputable ó autorizado. Igualmente a comisión de máis de 5 infraccións graves, ou 10 leves, en toda a duración da autorización, serán causas de extinción das autorizacións.

En relación á infracción recollida no punto C.3 da cláusula anterior (falta de pagamento do canon) ademais da correspondente multa que se lle poida impoñer por comisión dunha infracción cualificada moi grave, procederase ó precinto da atracción, caseta ou posto, non podendo iniciar a actividade mentres non proceda a aboar o canon que lle corresponde. En todo caso, si o luns 24 de agosto non cumpre con esta obriga, ditarase Decreto de revogación da autorización obrigando ó autorizado á desmontaxe e retirada da atracción, caseta ou posto.

CLÁUSULA 23ª.- IMPOSICIÓN DE SANCIONES

Será competente para impoñer as sancións o Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro delegado previa audiencia dos interesados durante o prazo de 3 días naturais. O importe das multas satisfacerase ó Concello no prazo de 3 días hábiles seguintes á notificación da súa imposición. De non satisfacerlas no prazo establecido, as multas satisfaceranse de acordo co seguinte:

** Compensaranse coas débedas que teñan pendentes co Concello de Cangas.*

En canto o importe das multas non quede satisfeito na súa totalidade coa compensación, o Concello poderá utilizar os medios de execución forzosa previstos na Lei 30/92 de réxime xurídico das AAPP e do procedemento administrativo común ou norma vixente aplicable ó caso podendo facerse efectivo a través do procedemento de prema ou constrinximento.

CLÁUSULA 24ª.- EXTINCIÓN DAS AUTORIZACIONES

As autorizacións extinguirase polo transcurso do tempo polo que foran outorgadas sen necesidade de acordo expreso que declare a extinción. Ademais son causas de extinción as seguintes:

- 1. Renuncia do titular*
- 2. Revogación da autorización por incumprimento das obrigas dos autorizados segundo o disposto neste prego.*
- 3. Cando sobreviñese unha causa de prohibición para contratar co Concello entre as que está o non atoparse ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- 4. Revogación da autorización por razón de interese público. En calquera caso, non xerará dereito a indemnización nin compensación de ningún tipo.*
- 5. Falecemento do titular da autorización.*
- 6. Incapacidade sobrevida dos autorizados.*

7. *Extinción da personalidade xurídica dos autorizados.*
8. *Falta de pagamento do canon.*
9. *Calquera outra prevista na normativa aplicable ou que se especifique neste prego.*

A extinción da autorización por calquera das causas enumeradas non dará dereito a ningún tipo de indemnización.

CLÁUSULA 25ª.- XURISDICIÓN COMPETENTE

As cuestión litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, extinción e efectos das autorizacións serán resoltas polo órgano competente para o outorgamento das autorizacións. Estas resolución esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía xurisdiccional contencioso-administrativa. Non obstante, os interesados poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/92.

ANEXO I

CADRO RESUMO DO PROCEDEMENTO

1.- OBXECTO

Outorgamento de autorizacións para a ocupación do dominio público coa instalación de atraccións, casetas e postos de feira durante as Festas do Cristo 2015.

2.- TIPO DE LICITACIÓN

O tipo de licitación (canon) é mellorable á alza, sendo rexeitadas todas aquelas proposicións nas que se ofrezca un prezo inferior ao indicado. Establécese como prezo mínimo de licitación segundo a instalación de que se trate, os seguintes importes:

-Parcela delimitada no aparcadoiro do porto destinada a atracción "Coches de choque".....4.300 €.

- Parcela delimitada no aparcadoiro do porto destinada a atracción "Karts".....1.300 €.

-Atracción, caseta ou posto de grandes dimensións superior a 100 m².....2.500 €.

- Atracción, caseta ou posto de tamaño medio de entre 50 e 100 m².....1.800 €.

- *Atracción, caseta ou posto de pequeno tamaño inferior a 50 m².....1.100 €.*

- *Caseta ou posto tipo tiro, tómbola, churrería, bar, venda de doces ou similar.....90 €/ml.*

- *Rosquilleiras e postos de artesanía, roupa, etc situados na Alameda Nova.....70 €/ml.*

3.- PRAZO DE DURACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS: as autorizacións outórganse polo prazo previsto de ocupación do dominio público, podendo proceder á instalación e montaxe das atraccións e demais casetas de feira dende o venres 21 de agosto as 15:00 horas. O prazo máximo de retirada das instalacións será o luns 7 de setembro.

O comezo "oficial" das Festas do Cristo 2015 será o xoves 27 de agosto e o remate o sábado 5 de setembro. Non obstante as atraccións poderán funcionar o domingo 6 de setembro considerando este día como "Día especial do neno" debendo os feirantes facer unha rebaixa nos prezos de acceso ás atraccións.

4.- PROCEDIMIENTO DE CONTRATACIÓN: ABERTO, garantindo os principios de concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS: prazo será de 5 días hábiles dende o seguinte ó da publicación do anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cangas (www.cangas.org)

6.- DOCUMENTACIÓN: un único sobre pechado no que se incluirá:

- *Declaración responsable (Anexo II),*

- *Tantas ofertas económicas (Anexo III) como atraccións, casteas ou postos para os que solicita autorización,*

- *Documentación coa descrición da atracción castea ou posto (memoria descritiva, plano, fotografía, etc)*

7.- OUTORGAMENTO DAS AUTORIZACIÓNS

Recibida a proposta de adxudicación, procederase ó outorgamento das autorizacións mediante Decreto da Alcaldía que conterá tódolos pronunciamentos precisos relativos ás mesmas, indicando os datos dos beneficiarios, DNI ou NIF, postos que resultan adxudicados, identificación da atracción a instalar ou destino do posto ou caseta, canon que corresponde pagar a cada beneficiario, metros cadrados a ocupar e as actividades ás que se poden destinar os postos.

Este Decreto será notificado ós adxudicatarios requiríndoos para que, dentro do prazo de 3 días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que tivera recibido a notificación, presenten a seguinte documentación:

- *Xustificante do depósito na Tesourería municipal do canon ofertado*

- Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais e autonómica) e coa Seguridade Social.

- Copia de contrato ou póliza do seguro de responsabilidade civil e do último recibo do ano en curso.

- No caso de atraccións de feira que inclúan instalacións hidráulicas, pneumáticas, electromagnéticas, electrónicas de sinal ou mecánicas, os autorizados deberán achegar os certificados e demais documentación acreditativa da seguridade e homologación emitidos por técnico competente relativos á idoneidade, seguridade, solidez e bo estado das atraccións e instalacións, estabilidade do conxunto, firmeza de apoios e bo estado dos elementos de fixación. Nos casos en que conforme a lexislación vixente sexa esixible, deberase achegar necesariamente os seguintes documentos:

o Certificado expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma ou Ministerio de Industria, acreditativo de que os mecanismos que se van a instalar compren todas as especificacións legais requiridas e que o seu uso non ofrece perigo para os usuarios.

o Certificado da revisión anual do aparato/atración de feira.

En caso de non achegar a antedita documentación ou que esta non acredite que as atraccións compren co esixido neste prego e coa lexislación vixente, os autorizados non poderán ocupar os espazos adxudicados ata que a acheguen e no seu caso, garantan a seguridade das persoas e bens ou acrediten o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e o pagamento do canon. En todo caso, se esta documentación non se achega durante os días de que dispoñen para ocupar os espazos e instalar as atraccións ou postos, entenderase que renuncian á autorización producíndose á extinción da mesma, e podendo o Concello adxudicala a outro licitador. O mesmo sucederá, no caso de que unha vez ocupado o espazo autorizado e instalada a atracción, esta non supere a supervisión e control municipal.

En relación á infracción recollida no punto C.3 da cláusula 22ª (falta de pagamento do canon) ademais da correspondente multa que se lle poida impoñer por comisión dunha infracción cualificada moi grave, procederase ó precinto da atracción, caseta ou posto, non podendo iniciar a actividade mentres non proceda a aboar o canon que lle corresponde. En todo caso, si o luns 24 de agosto non cumpre con esta obriga, ditarase Decreto de revogación da autorización obrigando ó autorizado á desmontaxe e retirada da atracción, caseta ou posto.

Este mesmo réxime aplicarase para os supostos en que unha vez instalada a atracción, caseta ou posto, e realizada as tarefas de control e supervisión por parte do Concello se comprobe que os m² ou ml declarados na solicitude non coinciden cos efectivamente ocupados, en cuxo caso procederase ó precinto da atracción, caseta ou posto que se manterá mentres non abonen a diferenza de canon que lles correspondería pagar. En todo caso si no prazo de 2 días hábiles non cumpre con esta obriga, ditarase Decreto de revogación da autorización obrigando ó autorizado á desmontaxe e retirada da atracción, caseta ou posto.

Estas medidas executaranse sen prexuízo da incoación do correspondente expediente sancionador regulado neste prego impondo as multas que correspondan por tales incumprimentos.

8.- SUBMINISTRACIÓNS

As subministracións de auga e de enerxía eléctrica correrán por conta dos titulares dos postos adxudicados. Os feirantes adxudicatarios deberán acreditar documentalmente a contratación da enerxía eléctrica necesaria para o funcionamento dos aparatos de feira.

9.- EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN

As autorizacións extinguirase polo transcurso do tempo polo que foran outorgadas sen necesidade de acordo expreso que declare a extinción, e polas demais causas sinaladas na Cláusula 24ª do prego.

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/a

*_____ con
DNI n.º _____, con domicilio a efectos de notificacións na
rúa _____, con
teléfono de contacto _____ correo
electrónico _____, actuando en nome propio, /en
representación _____ de
_____ (nome e
apelidos ou razón social do representado) con NIF n.º
_____ ante o Concello de Cangas comparezo e*

EXPOÑO

Que estando informado do procedemento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública para a ocupación do dominio público municipal mediante a instalación de atracción, casetas e postos durante as FESTAS DO CRISTO 2015, segundo anuncio publicado no perfil do contratante do Concello de Cangas, e tendo coñecemento do prego de condicións que rexen o outorgamento destas autorizacións, MANIFESTO que reunindo todos os requisitos e condicións para poder ser beneficiario das mesmas, ACEPTO plenamente e de xeito incondicionado os pregos de condicións e cantas obrigas deriven del, polo que,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

1. Que cumpro os requisitos establecidos neste prego para participar neste procedemento e ser beneficiario da autorización para o/s posto/s que solicito así como para exercer esta actividade ou actividades, e que estou en posesión

da documentación que así o acredita e que me comprometo a manter o cumprimento dos requisitos necesarios para o exercicio da/s actividade/s dos postos para os que solicito autorización.

2. Que a entidade á que represento, nin os seus administradores ou membros dos órganos de dirección están incursos en ningunha das prohibicións de contratar coa Administración.

3. Que estou ó corrente de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4. Que autorizo ó Concello de Cangas a poder solicitar de cantas Administracións ou entidades sexan competentes, a documentación que sexa necesaria para verificar o cumprimento dos requisitos esixidos neste prego así como da obriga de estar o corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

5. Que achego neste sobre a oferta económica segundo o modelo establecido no Anexo III do prego que rexen a licitación e a documentación referida á atracción ou posto para o que solicito autorización.

E para que así conste e, asino a presente declaración responsable en Cangas a _____ de agosto do 2015.

Asdo.: _____

ANEXO III

OFERTA ECONÓMICA

Don/a

_____, con
DNI n.º _____, con domicilio a efectos de notificacións na
rúa _____, con
teléfono de contacto _____ correo
electrónico _____, actuando en nome propio, /en
representación _____ de
_____(nome e
apelidos ou razón social do representado) con NIF n.º

SOLICITO:

AUTORIZACIÓN pata a instalación da seguinte atracción, caseta ou posto:

- Nome
atracción/posto: _____

- Superficie a ocupar (incluídos os voos): fachada: _____ metros
x fondo: _____ metros
- o Superficie de elementos anexos (taquilla de venda de tickets/entradas ou outros) _____ m²/ml
- Tipo de atracción (marcar con un x o que corresponda):
- o ATRACCIÓN: Adulto Infantil Espectáculo Familiar
- o XOGOS: Tómbola/bingo Grúas Tiro/pesca/patos/toca premio
- o ALIMENTACIÓN: Bocatería Bar/Cócteles Churrería
Hamburguesería/Kebab Buñuelos/algodón/patacas fritas Gofres/Xeados
Rosquilleiras Froitos secos/ chuches Outros(especificar)
- o AMBULANTES: Música Fotografía/pintura Xoguetes/globos
Libros Artesanía Bixutería/roupa
- Outros (especificar) _____

SOLICITO a instalación das seguintes caravanas entre os días 21.08.2015 e 7.09.2015 no recinto destinado a "zona dormitorio feirantes" ou zona aparcadoiro camións Número de caravanas/camións solicitadas: _____

TIPO VEHÍCULO

Caravana, camión, tráiler, etc DIMENSIÓN MATRÍCULA

E para que así conste e, asino a presente oferta en Cangas a _____ de agosto do 2015.

Asdo.: _____."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente o prego de condicións administrativas, económicas e técnicas que rexerán a licitación, mediante procedemento aberto, das autorizacións de ocupación temporal das parcelas destinadas á instalación de diferentes atraccións, casetas e postos durante as Festas Patronais do Concello de Cangas "FESTAS DO CRISTO 2015".

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente